



## BASES XERAIS DA CONVOCATORIA

O departamento de Comercio do Concello de Santiago promove “CON B DE BARRIO”, un proxecto de apoio e estímulo ao pequeno comercio de barrio.

Esta convocatoria xorde co fin de fomentar proxectos de dinamización comercial nos que prime a cooperación entre establecementos comerciais da mesma ou de diferente actividade e así favorecer o asociacionismo, crear sinerxías e redes colaborativas de negocio, buscando beneficios compartidos derivados da confluencia de intereses

Para acadar uns resultados acordes á visión anterior, propoñemos escoitar, recoller, transformar e canalizar as situacións problemáticas do comercio de barrio, traballando na súa supervivencia e mellora.

A partir das necesidades concretas de quince comercios beneficiarios, crearanse quince proxectos de dinamización comercial nos cales cada comercio beneficiario directo será o centro ou nodo.



## I. Obxecto da convocatoria

1. É obxecto desta convocatoria a prestación dun servizo de consultoría aberta para o pequeno comercio de barrio, mediante o cal un/unha asesor/a guiará cada establecemento beneficiario para mellorar a capacidade de captación e fidelización de clientes mediante estratexias comerciais e de mercadotecnia. O labor de consultoría implicará escoitar as necesidades dos comercios beneficiarios, diagnosticar a súa situación, deseñar estratexias comerciais e de mercadotecnia efectivas e crear estratexias de colaboración entre establecementos con intereses compatibles.
2. Trátase así mesmo dun servizo de mediación ou intermediación entre comerciantes para fomentar o deseño de estratexias de dinamización comercial e de mercadotecnia conxuntas, apostando así pola colaboración entre empresas con intereses compatibles e por fomentar o asociacionismo comercial, sen custo para os comercios beneficiarios.
3. A duración do servizo de consultoría será dende a aprobación dos comercios beneficiarios ata o 16 de decembro de 2017.
4. O asesoramento será presencial, telefónico e en liña. Existirá unha atención personalizada presencial de trinta e cinco (35) horas, nas dependencias de cada comercio beneficiario. O horario de reunións fixarase conxuntamente co comercio. Complementariamente haberá unha atención e disposición en liña e telefónica para consultas.



## II. Persoas beneficiarias

1. Poderán participar todos os establecementos comerciais de Santiago, a excepción daqueles comercios que participasen na I edición de "Con B de Barrio 2016" como comercio beneficiario principal.
2. O número de beneficiarios directos das asistencias gratuítas será de quince (15). Crearanse, por tanto, quince proxectos de dinamización comercial.
3. Se o proxecto premiado é colectivo, permitirase un número máximo de dúas persoas nas sesións de consultoría, das cales sempre será obrigada a presenza da promotora principal.

## III. Presentación de solicitudes

1. **O prazo para presentar as correspondentes candidaturas rematará ás catorce horas (14.00) do día 3 de abril.** Este prazo poderá prorrogarse, a decisión do Concello, en caso de que o número de candidaturas admitidas sexa inferior a quince (15).
2. A inscrición realizarase mediante o envío en liña do formulario dispoñible na web do departamento de comercio, <http://www.comercio.santiagodecompostela.gal>. **Á hora de formalizar a inscrición deberá facer constar no campo "observacións" unha carta de presentación do**

**seu negocio, das súas principais carencias e fortalezas e dos motivos polos cales quere participar no programa "Con B de Barrio". A exposición da carta de presentación no campo "observacións" será requisito imprescindible para entender validamente realizada a inscrición e os motivos recollidos nela serán obxecto de consideración á hora da aceptación ou non da candidatura presentada como beneficiaria do proxecto.**



## IV. Criterios e proceso de selección

1. Na selección das candidaturas presentadas atenderase á idoneidade do comercio para a participación no proxecto. Dita idoneidade analizarase a partir da información contida na carta de presentación do comercio candidato. A carta de presentación deberá conter a información indicada no punto III. 2 das presentes bases e que servirá ao departamento municipal de comercio para valorar o interese real do comercio candidato e o seu compromiso futuro de participación activa no mesmo, así como a súa necesidade de participación, por resultar unha ferramenta útil para garantir a súa supervivencia, consolidación ou mellora.
2. Nos casos de empate terán carácter preferente, por esta orde:
  - Comercios con superficie de venda inferior a 150 metros cadrados.
  - Comercios localizados en áreas xeográficas onde non exista asociación de comerciantes representativa.
  - Comercios non asociados a ningunha asociación de comerciantes.
3. A partir das solicitudes admitidas, elaborase unha listaxe coas quince (15) primeiras. Existirán reservas para o caso de baixa dalgún dos comercios beneficiarios.
4. A admisión comunicarse por correo electrónico unha vez rematado o prazo de inscrición.



## V. Incumprimentos das persoas beneficiarias

1. A participación neste proceso de selección supón o cumprimento e a aceptación íntegra destas bases.
2. Ao presentar as súas candidaturas, as persoas participantes garanten que teñen plena capacidade xurídica e de obrar para tomar parte na convocatoria e que a súa participación non infrinxe ningunha norma de calquera índole.
3. Se, logo da selección dalgunha candidatura, se constata que incorreu en irregularidades ou falsidades na información indicada na solicitude, automaticamente perderá a condición de beneficiaria e procederase a chamar á primeira reserva, e así sucesivamente.
4. A persoa seleccionada comprométese a cumprir coas tarefas solicitadas polo equipo de consultoría, pactadas de mutuo acordo nun plan de traballo individualizado. No caso de que, sen xusta causa, o comercio beneficiario incumpra o acordado expresamente, o Concello resérvase o dereito de cesar na prestación do servizo de consultoría gratuita.

